
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 11 DE DECEMBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se establece a organización e funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamentos da saúde.
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2014.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración local.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración que regula a subvención, mediante tramitación anticipada, da concesión directa da Axencia Turismo de Galicia á Fundación Catedral de Santiago para a execución da obra de rehabilitación da edificación denominada asilo de carretas para a creación dun centro de acollida aos peregrinos en Santiago de Compostela cofinanciado con fondos do programa operativo feder Galicia 2007/2013 t.p.5.57.1 (80%), por un importe dun millón cincocentos cincuenta mil euros (1.550.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Semana Verde de Galicia, para o apoio á celebración de TUREXPO GALICIA 2015 IV Salón Turístico de Galicia, por importe de douscentos trinta e catro mil euros (234.000,00 euros).
- Acordo polo que se aproban os modelos tipo de cláusula relativa á negociación para incluír nos pregos dos procedementos negociados de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e nas entidades do seu sector público.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o gasto, por unha contía de quince millóns novecientos setenta e nove mil oitocentos oitenta e sete euros con cincuenta e un céntimos (15.979.887,51 euros), do contrato do servizo de vialidade invernal e conservación ordinaria, A Coruña norte (clave AC/14/069,02).
- Acordo polo que se autoriza o gasto, por unha contía de dezasete millóns cincocentos sesenta e oito mil oitocentos vinte e nove euros con cinco céntimos (17.568.829,05 euros), do contrato de servizo de vialidade invernal e conservación ordinaria, A Coruña sur (clave AC/14/070,02).
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de dezaseis millóns setecentos sesenta e seis mil cento noventa e catro euros con vinte e dous céntimos (16.766.194,22 euros), do contrato de servizo de vialidade invernal e conservación ordinaria, Lugo norte (clave LU/14/071,02).
- Acordo polo que se autoriza o gasto, por unha contía de dezasete millóns cincocentos sesenta e nove mil oitocentos corenta e dous euros con sesenta e nove céntimos (17.569.842,69 euros), do contrato de servizo de vialidade invernal e conservación ordinaria, Lugo sur (clave LU/14/072,02).



- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de vinte e un millóns catrocentos oitenta e un mil oitocentos vinte e dous euros con trinta e un céntimos (21.481.822,31 euros), do contrato de servizo de vialidade invernal e conservación ordinaria, Ourense (clave OU/14/073,02).
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de quince millóns catrocentos corenta e cinco mil douscentos quince euros con vinte céntimos (15.445.215,20 euros), do contrato de servizo de vialidade invernal e conservación ordinaria. Pontevedra norte (clave PO/14/074,02).
- Acordo polo que se autoriza o gasto, por unha contía de once millóns trescentos trece mil setecentos corenta e catro euros con trinta e un céntimos (11.313.744,31 euros), do contrato de servizo de vialidade invernal e conservación ordinaria, Pontevedra sur (clave PO/14/075,02).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilalba para a execución da obra de renovación da conducción xeral desde o depósito de San Simón a Vilalba, Vilalba (Lugo) (clave OH.227.610), por un importe dun millón corenta e tres mil cincocentos trinta e catro euros con noventa e catro céntimos (1.043.534,94 euros), expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Lobios (Ourense) para a execución da obra de construción dun punto limpo por importe de trescentos setenta mil trescentos setenta e nove euros con trinta e nove céntimos (370.379,39 euros), tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Xove (Lugo) para a execución da obra de adecuación e clausura dun vertedoiro de residuos da construción por importe de trescentos vinte e un mil seiscentos corenta e un euros con corenta e sete céntimos (321.641,47 euros), tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza o gasto para a execución do contrato de xestión de servizo público para a explotación das estacións depuradoras de augas residuais da Illa de Arousa, Meaño e Ribadumia (Pontevedra), (clave OH.336.1093/XSP), por un importe de dous millóns novecentos trinta e sete mil novecentos sesenta e cinco euros con vinte e sete céntimos (2.937.965,27 euros), tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de prórroga para o ano 2015 do convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Meniños, para a execución do programa de integración familiar, por unha contía de trescentos oitenta mil euros (380.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión á empresa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec) dos traballos dos programas de sanidade e produción animal en Galicia durante o ano 2015, por un importe total de sete millóns cento cincuenta mil oitocentos trinta e seis euros con vinte e oito céntimos (7.150.836,28 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o estado de execución dos plans integrais de eficiencia enerxética e Ecospital nos hospitais do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre o sistema de seguridade dos pacientes e xestión de riscos sanitarios.



A XUNTA OFERTARÁ 53 PRAZAS DE EMPREGO PÚBLICO NA OEP DE 2014 PARA REFORZAR OS ÓRGANOS ESPECIALIZADOS DA ADMINISTRACIÓN

- *A Dirección Xeral de Función Pública centrará a oferta nos corpos da Administración especial e na Axencia Tributaria de Galicia*
- *Como mínimo un 25% destas prazas corresponderá á promoción interna e un 7% resérvase para persoas con discapacidade*
- *A OEP de 2014 cumpre coa taxa de reposición establecida pola Lei de Orzamentos xerais do Estado*
- *Os postos están na súa maioría ocupados provisionalmente por persoal temporal e dotados orzamentariamente polo que non supoñen aumento de custos ou efectivos*
- *A Xunta ofertou 325 prazas desde 2011, ademais das OEP que se aproban nos ámbitos sanitario e educativo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a oferta de emprego público (OEP) para o ano 2014, pola que a Administración autonómica sacará a oposición 53 prazas no ámbito da función pública, un 13% máis que o ano anterior. A Dirección Xeral de Función Pública centrará a oferta no reforzo dos órganos especializados da Administración e da Axencia Tributaria de Galicia.

Como mínimo, un 25% das prazas desta OEP corresponderán á promoción interna. Ademais, con respecto á reserva de prazas para persoas con algún tipo de discapacidade, o Goberno galego continúa apostando por manter a porcentaxe do 7% das vacantes.

A Lei de orzamentos xerais do Estado para 2014 dispón que no presente exercicio non se procederá no sector público autonómico á incorporación de novo persoal, aínda que exceptúa sectores e colectivos de mercado carácter prioritario ou que afectan o funcionamento dos servizos públicos, para os que a taxa de reposición se fixa no 10%.

Neste sentido, a OEP de 2014 cumpre con esta taxa de reposición establecida por lei e concéntrase nos órganos especializados da Administración e nos corpos responsables do control e da loita contra a fraude fiscal da Axencia Tributaria de Galicia, funcións encomendadas na Comunidade Autónoma ás escalas superior e técnica de finanzas.

A Xunta de Galicia ofertou 325 prazas desde 2011 no eido da Dirección Xeral da Función Pública. Ademais, esta oferta de emprego público súmase ás que aproban as consellerías de Sanidade e de Educación.



Oferta

Do total das 53 prazas ofertadas, 8 pertencen á escala técnica de finanzas (subgrupo A2) e 3 á escala de subinspección de consumo (subgrupo C1). No eido da Administración especial, convocaranse 25 prazas para o corpo facultativo superior da Xunta (subgrupo A1), das que 11 son para a escala de biólogos; 7 para escala de veterinarios; 4 para a escala de enxeñeiros industriais e 3 para a escala de químicos.

Finalmente, a oferta de emprego público para 2014 inclúe 10 prazas para o corpo de axudantes facultativos (subgrupo C1), na escala de axentes facultativos ambientais; e outras 7 prazas no corpo facultativo de grao medio (subgrupo A2), na escala de enxeñeiros técnicos industriais.

O Estatuto básico do empregado público establece que as ofertas de emprego son un instrumento de planificación dos recursos humanos dispoñibles e definen e cuantifican os efectivos en función das necesidades e prioridades derivadas da planificación xeral dos recursos humanos.

As prazas ofertadas están na súa maioría ocupadas provisionalmente por persoal temporal e dotadas orzamentariamente, polo que non supón un maior custo para a Administración autonómica nin un incremento de efectivos, ademais de achegar estabilidade no emprego e reducir a temporalidade.

ANEXOS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2014:

ADMINISTRACIÓN XERAL:

Corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (Subgrupo A2)

- Escala técnica de finanzas.....8

Corpo administrativo da Xunta de Galicia (subgrupo C1)

- Escala de subinspectores de consumo.....3

ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:

Corpo facultativo superior da Xunta (subgrupo A1)

- Escala de biólogos..... 11
- Escala de químicos.....3
- Escala de enxeñeiros industriais.....4
- Escala de veterinarios.....7



Corpo facultativo de grao medio da Xunta (subgrupo A2)

- Escala de enxeñeiros técnicos industriais.....7

Corpo facultativo superior da Xunta (subgrupo C1)

- Escala de axentes facultativos ambientais.....10

TOTAL.....53



SANIDADE FACILITA Á CIDADANÍA OS TRÁMITES PARA A FORMALIZACIÓN DO DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓNS PREVIAS SOBRE COIDADOS E TRATAMENTO DE SAÚDE

O Consello da Xunta, reunido no día de hoxe, aprobou o Decreto polo que se establece a organización e funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento de saúde.

Así, régúlase o procedemento para a nova modalidade de formalización do documento de instrucións previas, establecida na Lei de garantías, consistente na realización do documento ante o encargado do Rexistro de Instrucións Previas. Tamén se establece unha nova regulación do Rexistro de Instrucións Previas, desenvolvendo aspectos como o acceso aos seus datos, entre outros.

Esta nova modalidade, xunto coa nova regulación do Rexistro, son as novidades máis destacadas que incorpora o proxecto de decreto e que completan a normativa autonómica nesta materia.

A nova modalidade de formalización do documento de instrucións previas está pensada para que as galegas e galegos manifesten, dun xeito sinxelo, ás súas vontades en relación cos tratamentos de saúde e o destino do seu corpo ou órganos unha vez chegado o falecemento. Ata o de agora podía ser otorgado o documento ben ante notario ou ben a través dun documento asinado por tres testemuñas, das que dúas non podían ter relación familiar nin patrimonial coa persoa outorgante. En moitos casos este documento non cumpría os requisitos establecidos e tiña que devolverse ao interesado para que enmendase os erros existentes, coas molestias e atrasos que supoñía. Co novo sistema facilítanse todos estes trámites.

Cómpre lembrar que o outorgamento das instrucións previas foi recollido inicialmente na Lei de Galicia 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica electrónica dos pacientes, pero foi a Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias a que completou esta figura engadindo unha nova modalidade de outorgamento do documento en que o paciente indica a súa vontade, para o momento en que non a poida manifestar por si mesmo.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DA OPE CORRESPONDENTE A DIVERSAS CATEGORÍAS DE PERSOAL ESTATUTARIO DO SERGAS

▪ ***Ofertaranse un total de 103 prazas***

O Consello da Xunta aprobar o decreto referido á oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para 2014.

Ofértanse 103 prazas nas categorías de enfermeiro especialista en obstetricia e xinecoloxía, fisioterapeuta, logopeda, terapeuta ocupacional, técnicos superiores sanitarios —anatomía patolóxica, hixiene bucodental, imaxe para o diagnóstico, laboratorio de diagnóstico clínico e radioterapia— e técnicos en coidados auxiliares de enfermaría.

As prazas ofertadas serán provistas polo sistema de concurso-oposición. Con carácter xeral, o 50% do total das prazas que se convoquen en cada categoría reservaranse para a súa provisión polo sistema de promoción interna. Así mesmo, reservárase unha cota non inferior ao 5% do total das vacantes ofertadas para ser cubertas por persoas con discapacidade.

Esta oferta é continuación da anterior do ano 2013, onde se ofertaron 165 prazas para a cobertura de prazas de enfermeiro e médico de familia de atención primaria.

Esta nova OPE avanza na mellora e modernización dos procesos de selección e provisión de prazas do Servizo Galego de Saúde coa incorporación dos medios electrónicos e telemáticos á tramitación dos procesos de selección fixa (Fides/expedient-e).



A XUNTA E A FEGAMP COLABORAN PARA IMPULSAR A CAPACITACIÓN DIXITAL NA COMUNIDADE

- ***A Amtega investirá en 2015 máis de 780.000 euros en formación en TIC gratuíta a través da Rede CeMIT***
- ***A Fegamp desenvolve un papel clave como canle de comunicación cos concellos galegos integrados na Rede e é a encargada de transferir a subvención aos municipios***
- ***Desde 2011 as 98 aulas que a integran impartiron máis de 144.000 horas de formación e rexistraron preto de 40.000 usuarios***

A Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) colaborarán de novo en 2015 para garantir que a capacitación dixital chegue a todos os galegos e avanzar cara aos obxectivos marcados polas axendas dixitais española e europea.

O convenio, aprobado hoxe polo Consello do Goberno galego, establece a colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Vicepresidencia e Consellería de Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp, para avanzar nos obxectivos de capacitación dixital da Rede CeMIT, que se puxo en marcha en 2010 para achegar as TIC á sociedade galega, especialmente entre os colectivos máis afectados pola fenda dixital.

Tras case catro anos de consolidación da Rede cun total de 98 aulas integradas, presentes en 92 concellos e máis de 42.000 usuarios rexistrados, a Xunta busca garantir a capilaridade destes servizos promovendo a participación dos axentes sociais, empresariais e entidades públicas para incrementar as actuacións en materia de inclusión dixital en todo o territorio galego.

Con este acordo garántese e continuidade e mellora dun servizo fundamental para reducir a fenda dixital, facilitando unha aprendizaxe permanente neste eido, e contribuíndo á mellora da empregabilidade a través da formación para o emprego no eido das TIC

Investimento

Segundo se recolle no acordo, en 2015 a Amtega, achegará aos concellos a través da Fegamp un máximo de 782.000 euros para a realización de actividades en materia de alfabetización dixital nas preto de 100 aulas da rede. Este orzamento distribuirase atendendo a criterios de actividade das aulas.

A Fegamp vén desenvolvendo desde o pasado ano un papel fundamental no desenvolvemento da Rede CeMIT como canle de comunicación cos concellos galegos,



e é a encargada de transferir a subvención aos municipios atendendo aos criterios de actividade establecidos no acordo.

Plan de Inclusión

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica elaborou o Plan de Inclusión Dixital de Galicia. A Fegamp colaborará na difusión e xestión das medidas definidas no Plan e impulsará a participación dos axentes sociais, entidades públicas e privadas en actuacións de inclusión dixital.

O obxectivo final é incrementar a oferta de formación dixital pública en condicións de igualdade para todos os galegos, con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación económica.

Máis de 144.000 horas de formación desde 2011

Desde a súa posta en marcha en 2010 nas aulas da Rede CeMIT se impartiron máis de 144.000 horas de formación gratuíta. Nestes preto e catro anos a Rede rexistrou 42.467 usuarios.

O plan formativo de CeMIT ten 13 itinerarios formativos con máis de 60 cursos dirixidos á cidadanía, pemes, profesionais TIC e empregados públicos. Para a formación destes dous colectivos a rede conta coa colaboración de Centro Demostrador TIC, o CNTG e a Escola Galega de Administración pública, tres centros desde os que tamén se retransmíten seminarios, xornadas e actividades a través da rede de videoconferencias de aulas CeMIT.

Outras actividades: Faite Dixit@I e formación para o CODIX

Ademais das actividades do seu propio plan formativo, CeMIT acolle outras iniciativas como o itinerario de capacitación dixital Faite Dixit@I, que se celebra desde o pasado mes de setembro e ata finais de decembro en 40 aulas CeMIT. Esta iniciativa recolle máis de 160 actividades e supera as 500 horas de formación

Este ano a Rede de aulas Cemit comezou a impartir o curso de capacitación para acceder ao certificación en competencias dixitais para a cidadanía (CODIX). O certificado, que emite a Amtega, acredita a formación en ofimática da persoa titular ante calquera instancia pública ou privada. A primeira convocatoria recibiu unha gran acollida cubríndose as 360 prazas dispoñibles en menos de 8 horas.



TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CREACIÓN DUN CENTRO DE ACOLLIDA AOS PEREGRINOS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Fundación Catedral de Santiago***
- ***O convenio definirá as bases reguladoras da concesión directa dunha subvención por parte de Turismo de Galicia á Fundación Catedral de Santiago para financiar os custos derivados da rehabilitación da edificación denominada "asilo de Carretas"***
- ***Trátase dunha necesidade derivada do actual dinamismo do Camiño de Santiago e o incremento continuo do número de peregrinos, que no que vai de ano xa superou os 236.000, o que supón un incremento de máis do 10%***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Fundación Catedral de Santiago para a execución da obra de rehabilitación da edificación denominada "asilo de Carretas" para a creación dun centro de acollida aos peregrinos en Santiago de Compostela.

O convenio definirá as bases reguladoras da concesión directa dunha subvención por parte de Turismo de Galicia á Fundación Catedral de Santiago para financiar os custos derivados da redacción do proxecto básico e de execución da obra de rehabilitación da edificación denominada "asilo de carretas" para a creación dun centro Internacional de acollida aos peregrinos en Santiago de Compostela.

En virtude do convenio, a Fundación Catedral de Santiago comprométese a:

- Levar a cabo as accións obxecto do convenio, co compromiso de manter o investimento por un período de cinco anos, como mínimo, desde a finalización da obra
- Executar o orzamento na cantidade de un millón cincocentos cincuenta mil euros (1.550.000,00 euros)
- Asumir a xestión do funcionamento do centro internacional de acollida de peregrinos, sen que esta actuación xere ingresos para a fundación, nin se cobre polo seu uso aos peregrinos usuarios do centro

Turismo de Galicia, pola súa parte, financiará as actuacións por un importe dun millón cincocentos cincuenta mil euros (1.550.000 euros).

O dito convenio estenderá a súa vixencia ata o 30 de setembro de 2015.



Unha vella aspiración dos peregrinos

A creación do Centro de Acolida aos Peregrinos é unha vella aspiración dos peregrinos que cando chegaban ao final do Camiño non atopaban un lugar onde poder expresar as súas emocións e experiencias e onde poder informarse sobre Galicia e o seus recursos.

Este centro suporá un fito na atención aos peregrinos xacobeos que disporán dun lugar de encontro e reflexión nun Centro que contará con diversos servizos como unha Oficina do Peregrino, onde poderán recoller a súa Compostela, un salón de actos, unha capela, un centro interconfesional, unha área de información turística, unha biblioteca e centro de documentación xacobeo, unha zona de atención en idiomas, unha área para asociacións amigos do Camiño, etc.

Deste xeito, Santiago de Compostela mellorará e incrementará a súa capacidade de acollida aos peregrinos. Aspecto que agora resulta necesario dado o actual dinamismo do Camiño de Santiago e o incremento continuo do número de peregrinos, que no que vai de ano xa superou os 236.000, o que supón un incremento de máis do 10%, en relación ao mesmo período do ano pasado.



TURISMO DE GALICIA COLABORARÁ COA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DE TUREXPO GALICIA 2015, O IV SALÓN TURÍSTICO DE GALICIA

- ***Turismo de Galicia fará unha achega de 200.000 € en orde a promoción nacional e internacional da oferta turística galega e o maior desenvolvemento e coñecemento da realidade e potencialidade da nosa Comunidade como receptores dun turismo de calidade***
- ***A Fundación Semana Verde de Galicia comprométese a organizar e celebrar nas súas instalacións a dita feira profesional sectorial, os días 20, 21 e 22 de marzo de 2015 en Silleda, e levar a cabo as accións de promoción obxecto do convenio***
- ***Turexpo Galicia ten por obxectivo poñer en contacto a oferta turística galega con maioristas nacionais e internacionais, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Fundación Semana Verde de Galicia para o apoio á celebración de Turexpo Galicia 2015, o IV Salón Turístico de Galicia.

O obxecto do convenio, que entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2015, é regular as bases de colaboración entre Turismo de Galicia e a Fundación Semana Verde de Galicia para a organización e celebración da dita feira profesional.

Deste xeito, coa sinatura deste acordo, a Fundación Semana Verde de Galicia comprométese a organizar e celebrar nas súas instalacións a feira profesional sectorial Turexpo 2015, os días 20, 21 e 22 de marzo de 2015 en Silleda, e levar a cabo as accións de promoción obxecto do convenio.

Pola súa parte, Turismo de Galicia, financiará as actuacións por un importe de 200.000 euros en orde a promoción nacional e internacional da oferta turística galega e o maior desenvolvemento e coñecemento da realidade e potencialidade da nosa Comunidade como receptores dun turismo de calidade.

Turexpo Galicia ten por obxectivo poñer en contacto a oferta turística galega con maioristas nacionais e internacionais, ofrecendo un espazo no que se combinan de forma efectiva promoción, negocio e encontro sectorial. Trátase dunha importante ferramenta de promoción da industria turística da Comunidade Autónoma galega e unha plataforma de comercialización internacional da súa oferta.



Nesta IV edición deste Salón Turístico de Galicia buscarase a súa potenciación como espazo de converxencia do sector e darase un especial protagonismo ao Camiño de Santiago.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS MODELOS DE CLÁUSULAS QUE TERÁN QUE INCLUÍRSE NOS PROCEDIMENTOS NEGOCIADOS NO MARCO DO PLAN DE MELLORA DA CONTRATACIÓN PÚBLICA

- ***O acordo desenvolve o plan aprobado en xuño, que procura unha maior eficiencia e aforro para a Administración na contratación de servizos, obras e subministracións***
- ***Pautarase unha fase de negociación en que as empresas invitadas coñecerán as características esenciais das ofertas das súas competidoras, co que se abre a posibilidade de emendar a súa proposta inicial para melloralas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os modelos de cláusulas que se terán que incluír nos pregos dos procedementos negociados do sector público autonómico, co fin de regular a fase de negociación que se deba seguir nestes procedementos, e co principal obxectivo de acadar unha maior competencia entre os licitadores e, en consecuencia, unha mellor oferta final.

A aprobación destes modelos de cláusulas era unha das medidas previstas no Plan de mellora da contratación pública, aprobado polo Consello da Xunta en xuño deste ano, dentro do eixe destinado a maximizar o acceso e a concorrència ás licitacións públicas.

Cómpre lembrar que, dentro dese obxectivo xeral de maximizar a concorrència e a competencia nos procedementos de contratación, a Lei 14/2013, do 27 de decembro, de racionalización do sector público autonómico xa restrinxira os procedementos de adjudicación directa, polo que os contratos menores superiores a 25.000 euros e os de subministracións e servizos que excedan os 9.000 pasaron a utilizar o mesmo sistema que os procedementos negociados: a invitación de tres empresas con tres ofertas.

O Plan de mellora da contratación pública, porén, quixo complementar esa reforma legislativa cunha mellora do propio procedemento que potenciase precisamente o axuste entre as ofertas e a transparencia do proceso.

Desta maneira, as cláusulas aprobadas hoxe polo Consello da Xunta pautarán unha fase de negociación en que as empresas invitadas coñecerán as características esenciais das ofertas das súas competidoras, co que se abre a posibilidade de emendar a súa proposta inicial para concretar novas melloras. Adicionalmente, o órgano de contratación poderá convocar os licitadores a un acto presencial onde poderá realizarse unha última rolda de negociación entre as contraofertas presentadas.

O acordo inclúe dous modelos de cláusulas, un ordinario e un simplificado, para utilizar dependendo da complexidade dos procedementos de valoración. En ambos os casos, e para garantir a maior transparencia, esíxese a constancia documental no expediente do



desenvolvemento destas fases de contratación e dos motivos para a aceptación ou rexeitamento das ofertas.

Plan de mellora da contratación pública

O Plan de mellora da contratación pública 2014-2016 ten coma obxectivo principal acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada desde o punto de vista da relación cos cidadáns/ás e as empresas. Un dos seus eixes fundamentais é o de maximizar a concorrência, o que redonda nunha maior competencia entre licitadores e na posibilidade da Administración de acadar mellores ofertas, para o que cómpre facilitar o acceso das pequenas e medianas empresas.

Procura tamén unha maior eficiencia e un maior aforro para a Administración na contratación de servizos, obras e subministracións e unha redución dos trámites para o contratista, garantindo os pagamentos en tempo e forma, a competencia entre ofertas e a elección da mellor. En definitiva, unha optimización no uso dos recursos públicos para seguir facendo máis con menos.

Tamén en desenvolvemento deste Plan, o Consello da Xunta aprobou o pasado setembro o Acordo polo que se aprobou o catálogo de medios e prestacións susceptibles de autoprovisión, e se tomou razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación que será obxecto de contratación centralizada. O devandito acordo consolidou a coordinación entre os diferentes órganos do sector público autonómico para prestarse mutuamente servizos ou contratalos conxuntamente, tendencia xa iniciada con anterioridade por este goberno e que, como consecuencia das ampliacións incluídas no acordo, chegará a supoñer un aforro anual de 30 millóns de euros.



A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 116 MILLÓNS DE EUROS EN CATRO ANOS NAS TAREFAS DE VIALIDADE E CONSERVACIÓN ORDINARIA DOS PRETO DE 5.400 QUILÓMETROS DA REDE VIARIA AUTONÓMICA

- ***O obxectivo destas actuacións é o mantemento do patrimonio viario en condicións adecuadas, de xeito que permita unha circulación máis segura, fluída e cómoda***
- ***Preténdese ademais garantir a vialidade nas estradas, en especial na época invernal, e actuar nun tempo de resposta curto ante accidentes e emerxencias***
- ***O Consello da Xunta autoriza a licitación de sete contratos por zonas que planifican as actuacións no conxunto do territorio galego e que terán unha vixencia de catro anos***

O Consello da Xunta acordou na súa reunión de hoxe autorizar un investimento de máis de 116 millóns de euros durante catro anos nas tarefas de vialidade e conservación ordinaria da rede de estradas de titularidade autonómica. O Goberno galego aprobou así a licitación dos contratos que teñen por obxecto garantir o mantemento da rede de estradas de titularidade autonómica, mediante unha axeitada limpeza e coidado da rede viaria, e a vialidade, tanto en condicións normais como ante os efectos meteorolóxicos adversos ou en caso de accidente.

A rede viaria de titularidade autonómica que cómpre conservar conta cunha lonxitude total de 5.337,67 quilómetros (sen contar as vías obxecto de contratos de concesión de obra pública, cuxa conservación se realiza mediante os propios contratos de concesión).

As tarefas de conservación e explotación de estradas teñen por obxecto o mantemento do patrimonio viario en condicións adecuadas, de xeito que permita unha circulación o máis segura, cómoda e fluída posible.

Para conseguir estes obxectivos, as administracións titulares das estradas levan a cabo, entre outras, unha serie de actuacións que perseguen facilitar ou facer posible a circulación en condicións de seguridade e fluidez (actividades de vialidade), e actividades destinadas a atrasar a degradación ou a corrixir impactos puntuais (actuacións de conservación ordinaria).

A conservación e mantemento da rede viaria é obriga e responsabilidade da Administración titular, que debe dispoñer os medios axeitados para levala a cabo.

O custo total das actuacións necesarias de conservación ordinaria e vialidade invernal nesta rede viaria para os próximos catro anos estímase en 116.125.535,29 euros.



Para conseguir unha maior operatividade, dada a extensión da rede, establecéronse sete áreas diferenciadas para desenvolver os traballos, polo que se licitarán 7 contratos de servizos, un por cada área:

- A Coruña norte: 15.979.887,51 euros
- A Coruña sur: 17.568.829,05 euros
- Lugo norte: 16.766.194,22 euros
- Lugo sur: 17.569.842,69 euros
- Ourense: 21.481.822,31 euros
- Pontevedra norte: 15.445.215,20 euros
- Pontevedra sur: 11.313.744,31 euros

Mediante estes contrato disporanse, entre outros, os seguintes medios, material e persoal destinados ás tarefas anteriormente indicadas:

Persoal	Maquinaria (camións, etc)
285	67

Roza (qm)	Sinais (ud)	Marcas viarias (qm)	Mesturas bituminosas (t)	Tratamentos superficiais (m ²)	Fundentes (t)	Plantas salmoira (ud.)
51.239	3.750	22.959	62.226	213.504	30.200	9

O prazo dos contratos de conservación integral e vialidade invernal actualmente vixentes remata no mes de setembro de 2015, polo que se fai necesario licitar os novos contratos que teñan por obxecto o desenvolvemento destas tarefas.

No capítulo da conservación ordinaria, as tarefas que cómpre desenvolver comprenden principalmente operacións de limpeza e roza, pequenas actuacións de reparacións de firme e en obras de fábrica, así coma o mantemento da sinalización horizontal, vertical e o balizamento, entre outras.

Vialidade

Pola súa banda, dentro das tarefas de vialidade, destinadas a garantir a transitabilidade nas estradas, lévanse a cabo as seguintes actuacións:

- Vixilancia permanente, para ter un bo coñecemento do seu estado e funcionamento.



- Atención a accidentes e de incidencias que afectan a circulación (como a retirada de obstáculos da calzada, a sinalización de situacións ocasionais de perigo ou a información aos usuarios) e reparación urxente dos danos que se puidesen causar como consecuencia deles. Para levar a cabo estas tarefas dispónse de persoal con dispoñibilidade as 24 horas ao día.

- Actuacións de vialidade invernal, que teñen por obxecto manter as estradas situadas en zonas propensas a xeadas ou nevadas en boas condicións en época invernal, reducindo ao mínimo os períodos en que se teñan que establecer restricións ou cortes de tráfico. Para iso, realizaranse tarefas preventivas, destinadas a evitar no posible a formación de neve ou xeo, e procederáse á súa retirada cando non se poida evitar.

A Consellería de Medio Ambiente ten entre as súas principais tarefas e prioridades a conservación de estradas co obxectivo de manter o patrimonio viario en bo estado, mediante actuacións no só destinadas a manter as estradas en boas condicións materiais, senón tamén a garantir a súa funcionalidade permitindo o servizo. As estradas teñen como misión comunicar de forma eficiente distintas zonas, e a seguridade é unha compoñente fundamental da medida da eficiencia.

Con estes contratos, o Executivo autonómico pon á disposición os medios materiais e humanos necesarios para garantir que as estradas sexan transitables en condicións de seguridade de xeito permanente, e en especial nos meses de inverno cando as condicións meteorolóxicas dificultan a circulación.



MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS ÁS OBRAS DE RENOVACIÓN DA CONDUCCIÓN DO DEPÓSITO DE SAN SIMÓN A VILALBA

- *Con esta actuación búscase mellorar unha rede que está moi deteriorada debido á súa antigüidade e na cal son frecuentes as roturas*
- *A Xunta asume o 100% do importe necesario para a licitación deste contrato de obra hidráulica, cuxa formalización se prevé para principios do próximo ano*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo de colaboración técnica e financeira para a renovación da conducción xeral desde o depósito de San Simón a Vilalba, por un importe de máis dun millón de euros.

Con esta actuación, preténdese renovar un sistema de abastecemento obsoleto co fin de dotar o concello de Vilalba dunha rede de abastecemento de calidade e en cantidade, e con proxección de futuro, xa que terá capacidade para dar servizo a unha poboación de case 5.000 veciños no horizonte de 2037.

Na actualidade, o Concello de Vilalba dispón na actualidade dunha rede de abastecemento construída nos anos 60 en fibrocemento de diferentes diámetros, está moi deteriorada debido á súa antigüidade, polo que son frecuentes as roturas e como consecuencia importantes perdas de auga e cortes na subministración.

Esta tubaxe aliméntase por gravidade desde os depósitos de cabeceira de San Simón a través dunha redutora de presión. En época seca, cando o encoro de Pardasalbas non é capaz de subministrar o caudal requirido para a subministración, utilízase a captación das Cañotas no río Magdalena, e mediante un bombeo instalado na ETAP impúlsase a auga a un depósito elevado. Este depósito presenta deficiencias polas que se producen filtracións de auga potable.

Co fin de dar solución aos problemas, proxéctase a substitución da actual tubaxe de fibrocemento, polo que se instalarán case 5 quilómetros de tubaxe de varios diámetros. No polígono industrial é imposible instalar a nova tubaxe na traza pola que discorre a de fibrocemento, xa que hai edificacións que obrigan a usar outro tipo de infraestrutura, polo que se instalará unha válvula redutora de presión con by-pass, para reducir a presión de 6 kg/cm² a 2 kg/cm², situada no recinto do depósito para facilitar o seu mantemento.

Tamén se proxecta a impermeabilización do depósito e substitución de todas as conducións, desmontar e renovar totalmente a cámara de claves e a conexión coa rede de distribución, así como a renovación dos accesos.



Augas de Galicia será o departamento encargado da execución desta actuación hidráulica e, polo tanto, aboará o 100% do investimento de licitación necesario (1.043.534), cuxo contrato público se prevé poder licitar a principios do vindeiro ano.

Desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinálase que con este tipo de colaboracións garántese o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade, ao mesmo tempo que se aposta por un consumo responsable e polo fomento do seu aforro.



MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 370.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO PUNTO LIMPO DE LOBIOS

- *O departamento que dirixe Ethel Vázquez subvenciona o 100% desta actuación, que se poderá iniciar no vindeiro ano*
- *Trátase dunha medida de apoio á entidades locais para a xestión dos residuos, que permitirá aos máis de 2.000 habitantes deste municipio realizar o depósito de residuos que requiran dunha xestión específica para a súa reciclaxe*
- *O investimento nas actuacións deste tipo en execución ou proxectadas para o vindeiro ano ascende a 1,6 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello de Ourense para a construción dun punto limpo neste municipio da provincia de Ourense.

Esta actuación enmárcase no desenvolvemento do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 e contará cunha achega económica do Goberno galego de algo máis de 370.000 euros, é dicir, o 100% do importe necesario para a súa construción.

O futuro punto limpo de Lobios permitirá realizar a xestión de residuos sólidos urbanos ou domésticos que requiran dunha xestión específica polo seu tamaño, natureza ou perigosidade.

Entre os obxectivos fundamentais desta infraestrutura, están os de separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o ambiente ou a saúde; evitar a vertedura incontrolada de entullos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos, e facilitar a recuperación dos recursos contidos nos residuos para a súa reciclaxe.

Esta iniciativa estende e reforza a rede de puntos limpos municipais financiados pola Xunta na Comunidade galega, que con estas novas infraestruturas contará con case 150 instalacións, das cales 139 están rematadas e cinco en fase de proxecto, licitación e construción.

Obxectivos

Esta actuación permitirá aos máis de 2.000 habitantes de Lobios realizar o depósito de residuos para a súa posterior separación e clasificación, mellorando a loxística na xestión e posibilitando:



- Evitar a súa vertedura incontrolada e os conseguíntes impactos sobre a saúde pública, a paisaxe e o ambiente.
- Facilitar a abaratar os procesos de valorización de residuos (recuperación e reciclaxe), dando cumprimento ás exixencias europeas en materia de xestión de residuos.
- Aproveitar os materiais contidos nos residuos reducindo o consumo de materias primas e recursos naturais.

Situación actual da rede de puntos limpos

A rede deste tipo de infraestruturas que na actualidade existe en Galicia elévase a 139 instalacións de puntos limpos, que dan cobertura e servizo a 223 concellos galegos, é dicir, ao 86,8% da poboación galega.

Desta rede, un total de 27 novos puntos limpos foron construídos desde o ano 2009, e desde outubro de 2012 ata a actualidade executáronse 14 novos puntos limpos: tres na provincia da Coruña (Porto do Son, Fene-Cabanas e Sada); dous na de Lugo (Cervo e Trabada); seis na provincia de Ourense (Pereiro de Aguiar, Castro Caldelas, San Cibrao das Viñas, Vilamartín de Valdeorras, O Carballiño e A Veiga); e, por último, outras tres na de Pontevedra (Vila de Cruces, Mos e Nigrán).

A previsión da Xunta é ampliar esta rede de puntos limpos con cinco instalacións máis, que son os de Frades (cuxo convenio se autorizou a pasada semana no Consello da Xunta), Baralla, Outeiro de Rei, Ponte Caldelas e este de Lobios, que se autorizou hoxe. Nun prazo máis amplo, o novo Plan de xestión de residuos sólidos urbanos prevé que o número de instalacións deste tipo se aproxime ás 300 antes de finais de 2020. O investimento previsto pola Xunta para a creación e xestión de novos puntos limpos, así como o mantemento dos xa existentes, ascende a máis de 21 millóns de euros, cun investimento concreto de 1,6 millóns de euros previsto no ano 2015.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 321.600 EUROS NA CLAUSURA DUN VERTEDOIRO DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN EN XOVE

- *Esta actuación enmárcase no Programa de xestión de residuos da construción e demolición de Galicia 2013-2016*
- *Os residuos depositados no vertedoiro son os denominados de construción e demolición, procedentes de obras menores*
- *As obras de adecuación, selaxe e clausura teñen por fin acadar a recuperación ambiental e paisaxística do espazo ocupado polo vertedoiro e a súa contorna*
- *O proxecto prevé accións como limpeza e roza, movemento de residuos, construción de muros de contención, selaxe, revexetación e actuacións complementarias*

O Consello da Xunta de Galicia aproba o acordo de colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Xove para a clausura dun vertedoiro de residuos da construción.

A Xunta de Galicia inviste 321.641,47 euros neste proxecto de clausura deste vertedoiro no citado municipio lucense. Esta actuación enmárcase no Programa de xestión de residuos da construción e demolición de Galicia 2013-2016.

O Goberno galego, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación e Ambiental, acomete esta actuación co fin de evitar a vertedura incontrolada de residuos ao tempo que se reducen os potenciais riscos para a saúde pública, a paisaxe e o ambiente. Ademais de mellorar a calidade ambiental e evitar un posible impacto sobre a saúde, o proxecto permitirá rexenerar a zona afectada de xeito que quede integrada de novo no ambiente.

Este vertedoiro, actualmente inactivo, foi construído no ano 2001 en terreos antes ocupados por unha canteira. Esta actuación foi acometida pola Xunta como medida complementaria do Plan xeral de adecuación, selaxe e clausura de vertedoiros de Galicia, co obxecto de dotar o Concello dunha instalación axeitada para a xestión e eliminación de residuos procedentes da actividade construtiva en condicións de seguridade ambiental e evitar a súa vertedura incontrolada cos conseguintes impactos paisaxísticos, ambientais e de saúde pública. Tras a execución da obra, o vertedoiro foi entregado ao Concello, que asumiu a súa xestión.

Os residuos depositados no vertedoiro son os denominados residuos de construción e demolición, coa consideración de residuos inertes, de entre os cales os procedentes de obras menores de reforma ou reparación están legalmente asimilados aos residuos domésticos ou urbanos e son de competencia municipal. A composición destes



residuos é heteroxénea, incluíndo usualmente pedras, formigón, ladrillos, escaiola, grava.

A actuación de adecuación, selaxe e clausura ten por finalidade acadar a recuperación ambiental e paisaxística do espazo ocupado polo vertedoiro e da súa contorna, o que comprenderá as seguintes fases:

- Limpeza e roza
- Movemento de residuos
- Construción de muros de contención
- Selaxe
- Revexetación
- Actuacións complementarias (instalación de valado e portón, placa informativa, etc.)



A XUNTA DEDICARÁ PRETO DE 3 MILLÓNS DE EUROS Á EXPLOTACIÓN DAS ESTACIÓNS DEPURADORAS DA ILLA DE AROUSA, MEAÑO E RIBADUMIA DURANTE OS TRES VINDEIROS ANOS

- ***A contratación conxunta da explotación e mantemento destas tres instalacións permítelle á Administración autonómica aforrar ao redor dun 22,5% no custo***
- ***O obxectivo do contrato é realizar as tarefas necesarias para que os elementos do sistema de saneamento e depuración de augas residuais cumpran as funcións para as que foron deseñados e para que o fagan en condicións óptimas***
- ***Estas obras de mantemento promoven a mellora do ambiente, contribuíndo ao obxectivo transversal de sustentabilidade e de protección, e permiten que a cidadanía desenvolva a súa actividade cun mínimo impacto sobre a natureza***
- ***A Xunta, mediante estas accións, colabora cos citados concellos para mellorar a eficacia dos seus sistemas de depuración e optimizar o saneamento da ría de Arousa, blindando así actividades como a pesca, o marisqueo ou o turismo***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o proxecto de acordo polo que se aproba a licitación do contrato de xestión para a explotación das estacións depuradoras de augas residuais da Illa de Arousa, Meaño e Ribadumia.

O investimento total desta actuación ascende a 2.937.965,27 euros, importe distribuído nas tres vindeiras anualidades, co que se pretende levar a cabo o servizo de depuración de augas residuais a través da explotación das estacións depuradoras dos citados municipios pontevedreses. A licitación conxunta da explotación e mantemento destas tres instalacións permítelle á Administración autonómica aforrar ao redor dun 22,5% fronte ao que suporía licitar cada explotación por separado.

Este contrato realízase ao abeiro do disposto no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 novembro, de Augas de Galicia, que declara de interese da Comunidade Autónoma, entre outros, a explotación e mantemento das estacións depuradoras de augas residuais.

O obxectivo do contrato é o de realizar as tarefas necesarias para que os elementos do sistema de saneamento e depuración de augas residuais cumpran as funcións para as que foron deseñados e para que o fagan en condicións óptimas de funcionamento, sen olores e de xeito continuo e ininterrompido. Para isto, levaranse a cabo cantas operacións e coidados sexan necesarios para cumprir co fin de xestionar con continuidade e normalidade, nas condicións e niveis de calidade axeitadas, a totalidade do servizo de explotación das instalacións de depuración obxecto deste prego.



Estas obras de mantemento promoven a mellora do ambiente, contribuíndo ao obxectivo transversal de sustentabilidade e protección, e permiten que a cidadanía desenvolva a súa actividade cun mínimo impacto sobre a natureza.

O Goberno galego, mediante estas actuacións, colabora cos citados concellos para mellorar a eficacia dos seus sistemas de depuración e optimizar o saneamento da ría de Arousa, blindando así actividades fundamentais para esta zona como o marisqueo, a pesca ou o turismo.

Características das depuradoras

- A EDAR da Illa de Arousa, deseñada para unha poboación de 12.880 habitantes, conta cun caudal medio de 2.760 m³/d. Na actualidade, Augas de Galicia está levando a cabo a explotación e mantemento desta estación depuradora, polo que o presente contrato dá continuidade ao que está en vigor actualmente para esta infraestrutura.
- A EDAR de Meaño, proxectada para unha poboación de 30.000 habitantes, consta dun caudal medio de 9.000 m³/d. O bombeo externo á depuradora sitúase en Pasales. A xestión desta infraestrutura hidráulica tamén lle corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- A EDAR de Ribadumia, deseñada para unha poboación de 15.000 habitantes, dispón dun caudal medio de 5.011 m³/d. Con data 10 de outubro de 2014, Augas de Galicia recibiu a obra de construción desta depuradora e desde entón vén realizando a explotación e mantemento da citada estación depuradora de augas residuais.



A XUNTA DESTINARÁ UN TOTAL DE 380.000 EUROS AO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR DE MENIÑOS, QUE CHEGARÁ A 330 MENORES

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o orzamento que destinará a esta iniciativa o próximo ano***
- ***O proxecto, que ten como obxectivos a reunificación e a preservación familiar, baséase en medidas concretas como a intervención psicosocial, a terapia familiar ou a educación familiar***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga do convenio entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Meniños para o desenvolvemento do Programa de integración familiar. De cara ao próximo exercicio, blíndase a achega do Goberno galego, que será de 380.000 euros e beneficiará 330 menores e 190 familias.

Esta iniciativa ten como beneficiarios aqueles núcleos familiares en que se producen situacións de maltrato ou de desprotección dos menores. En concreto, céntrase no traballo en dúas áreas concretas: a reunificación e a preservación familiar.

A primeiro destes dous eixes céntrase en mellorar a situación sociofamiliar e persoal dos nenos, nenas e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e residen en centros de acollida. A finalidade é acadar unha incidencia directa nos núcleos familiares de referencia e favorecer a súa reunificación.

Por outra banda, a segunda área céntrase na preservación, potenciando os recursos das familias e promovendo os cambios necesarios para previr e evitar que se produza a separación do menor.

Para acadar estes obxectivos, desenvólvense medidas concretas como a intervención psicosocial ou a educación e terapia familiar. Todas elas son levadas a cabo por profesionais de distintos perfís como psicólogos, orientadores, traballadores sociais ou pedagogos. Coa súa intervención, axudan ás familias e menores a resolver problemas de conduta, a construír un ambiente afectivo e protector, así como a adquirir hábitos e habilidades de organización familiar.

Esta iniciativa inscríbese na aposta da Xunta pola protección dos menores e, ademais, ten en conta a política deste departamento de primar a reunificación ou preservación familiar sobre a tutela. O obxectivo principal, sempre que sexa positivo para o nenos, é manter o menor no seu ámbito familiar. A Consellería desenvolve distintos proxectos relacionados con menores, como o acollemento familiar, os centros, o programa de adopcións ou as accións de inserción sociolaboral, entre outros.



MEDIO RURAL E MAR AFIANZA O DESENVOLVEMENTO DAS CAMPAÑAS DE SANEAMENTO DO GANDO E OUTRAS MEDIDAS SANITARIAS NO ANO 2015

- ***O Goberno galego destinará a esta finalidade máis de 7,1 millóns de euros, segundo o aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión de hoxe***
- ***Estas actuacións inclúen o Programa de vixilancia e control da vespa velutina***
- ***Outros traballos que se inclúen son os diagnósticos e tomas de mostras correspondentes ao desenvolvemento dos programas nacionais de distintas enfermidades do gando bovino, ovino e cabrún***

A Xunta desenvolverá en 2015 diferentes programas de erradicación e vixilancia de enfermidades dos animais, así como a xestión dos centros de limpeza e desinfección dos vehículos de transporte de gando por estrada. O Goberno galego destinará a esta finalidade máis de 7,1 millóns de euros, segundo o aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión de hoxe.

Así, a Xunta executará diversos traballos relacionados cos programas de sanidade e produción animal, entre eles o mantemento das actuacións do Programa de vixilancia e control da *vespa velutina*. Outros traballos que se inclúen son os diagnósticos e tomas de mostras correspondentes ao desenvolvemento do Programa nacional de erradicación de tuberculose bovina, o Programa nacional de erradicación da brucelose bovina, o Programa nacional de erradicación da brucelose ovina e cabrúa e o Programa nacional de vixilancia da leucose enzoótica bovina e da peripneumonía contaxiosa bovina, así como o Plan de vixilancia sanitaria na fauna silvestre.

Ademais, inclúense nas actuacións que cómpre realizar a limpeza e desinfección das explotacións gandeiras que realicen baleiros sanitarios, a realización da limpeza e desinfección dos vehículos de transporte de gando nos centros dependentes da Consellería, e os labores de apoio aos servizos veterinarios oficiais que sexan necesarios no caso de alertas sanitarias.

O desenvolvemento dos programas nacionais de erradicación ten como finalidade a cualificación sanitaria das explotacións, segundo o establecido na normativa nacional e comunitaria, asegurando o mantemento do status sanitario de Galicia e a comercialización sen trabas dos produtos de orixe animal.

Neste sentido, os gandeiros e gandeiras de Galicia levan anos demostrando unha especial sensibilidade na mellora da sanidade animal. O seu esforzo continuado e as medidas desenvolvidas pola administración galega fixeron que as explotacións da nosa Comunidade presenten un status sanitario do máis alto nivel, moi superior ao existente noutras rexións do Estado, e mesmo noutros países europeos.



OS PLANS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA XA ESTÁN IMPLANTADOS EN MÁIS DO 70% DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERGAS

- *O aforro estimado nos próximos 8 anos, incluído o 2014, é de 50 millóns de euros*
- *O aforro económico xa xerado, ata decembro de 2014, supera os 5,8 millóns*
- *As actuacións inclúen distintas medidas de aforro e eficiencia enerxética e a incorporación de caldeiras de biomasa dentro da Estratexia integral de impulso da biomasa con fins térmicos, que está a promover o Goberno galego*

Os plans de eficiencia enerxética do Servizo Galego de Saúde están implantados en máis do 70% da totalidade dos seus centros hospitalarios. O aforro económico xa xerado, ata decembro de 2014, supera aos 5,8 millóns de euros e o aforro estimado para os custos enerxéticos nos próximos 8 anos, incluído o 2014, é de 50 millóns de euros.

Neste sentido, o principal obxectivo do Plan integral de eficiencia enerxética (PIEE) e do Plan Ecospital é promover medidas de aforro enerxético, económico e de emisións ambientais mediante a eficiencia enerxética e a incorporación de equipamentos térmicos alimentados con biomasa nos distintos centros hospitalarios do Sergas.

Con este obxectivo, intégranse nun único contrato a xestión da subministración enerxética prestacional e o servizo de mantemento de forma que se poidan afrontar as actuacións de mellora e renovación das instalacións, con base na dotación de novos equipamentos térmicos máis eficientes e que usen biomasa, así como os que sexan necesarios para garantir un aforro económico.

Creación de postos de traballo no rural

A aposta pola biomasa intégrase no desenvolvemento da Estratexia integral de impulso da biomasa 2014-2020 que está a promover o Goberno galego co obxectivo de incentivar o consumo práctico deste combustible con fins térmicos. Deste xeito, contribúese á fixación de emprego no rural galego, xerando e mantendo no tempo numerosos postos de traballo grazas ao uso da biomasa. Así mesmo, a Estratexia, liderada pola Consellería de Economía e Industria, busca mellorar a xestión e o rendemento dos montes galegos, contribuíndo á prevención de incendios forestais e axudando ao desenvolvemento da industria elaboradora da biomasa térmica en Galicia.

A través desta iniciativa obtéñense aforros na factura enerxética anual desde o mesmo momento inicial do contrato, e reduciranse na súa totalidade as emisións de CO₂ á atmosfera dos hospitais polo uso de biomasa para enerxía térmica, ao evitarse o uso dos combustibles fósiles.



Ata o de agora licitáronse e adxudicáronse cinco actuacións que afectan vinte centros hospitalarios dependentes das estruturas organizativas de xestión integrada de Santiago; de Ferrol; de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos; de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; e da Coruña.

Así, no CHUS está en marcha desde agosto de 2012; en Ferrol desde abril de 2014; nos cinco hospitais comarcais desde xuño de 2014; no CHUO desde setembro de 2014, e no CHUAC entrará en funcionamento en xaneiro de 2015.

EOXI SANTIAGO:

H. Clínico Universitario de Santiago H. Psiquiátrico de Conxo.
H. Médico-Quirúrxico de Conxo H. Gil Casares.

EOXI FERROL:

Hospital Naval Hospital Arquitecto Marcide

HOSPITAIS COMARCAIS das EOXI de: Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, e de Santiago de Compostela.
da Costa (Burela) de Calde (Lugo) de Monforte de Lemos
de Verín da Barbanza (Ribeira)

EOXI OURENSE, VERÍN e O BARCO de VALDEORRAS:

Hospital S.M.Nai Hospital Piñor Hospital Xeral-Cristal

EOXI A CORUÑA:

Hospital de Oza Hospital Materno Infantil Teresa Herrera.
Hospital Abente y Lago Centro de Especialidades do Ventorrillo.
Lavandería de A Grela Hospital Virxe de A Xunqueira.

Ademais dos aforros directos que supón esta iniciativa sobre os custos enerxéticos dos centros hospitalarios, os adxudicatarios van realizar un investimento en novos equipamentos enerxéticos e de caldeiras de biomasa superior a 12 millóns de euros, dos cales o Inega achega 1,6 millóns.

En canto aos investimentos en novos equipamentos, no caso do CHUS están practicamente rematados; en Ferrol están executados no 50%, e nos cinco centros comarcais no 80%. No resto dos centros están pendentes de iniciarse.

No que atinxe ás caldeiras de biomasa, xa están en funcionamento dende este mes de decembro nos hospitais da Costa (Burela), de Calde (Lugo), de Monforte de Lemos e de Verín.

Así mesmo, para o caso do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o Servizo Galego de Saúde investiu en equipamentos do mix enerxético —e dentro do proxecto



Hospital autosustentable— máis de 3,2 millóns, que inclúen unha caldeira de biomasa de 3.000 kW. Ademais, o adxudicatario da xestión de espazos achegará 3,94 millóns de euros —dun total de 14 millóns— para o financiamento da fase I do Hospital 2050.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O SERGAS CREA UN SISTEMA DE SEGURIDADE E XESTIÓN DE RISCOS SANITARIOS PARA MELLORAR A CALIDADE ASISTENCIAL NOS SEUS CENTROS

- *Proporciona unha guía para implantar medidas que diminúen ou eliminan eventos adversos*
- *Diminúe a variabilidade no manexo dos riscos sanitarios entre hospitais e fomenta a comparación e a aprendizaxe*

O Servizo Galego de Saúde deseñou un sistema de seguridade e xestión de riscos sanitarios co obxectivo de deseñar unha folla de ruta homoxénea para as organizacións sanitarias do Sergas nos próximos anos.

Esta iniciativa proporciona unha guía para implantar medidas que diminúen ou eliminan eventos adversos, á vez que diminúe a variabilidade no manexo dos riscos sanitarios entre hospitais e fomenta a comparación e a aprendizaxe. Neste sentido, dispoñer dun sistema que sirva como modelo para todos os centros sanitarios do Sergas supón unha potente ferramenta de mellora para a seguridade dos pacientes, beneficia tanto as organizacións como os seus usuarios.

Mellorar a seguridade supón incrementar a calidade asistencial en todas as súas dimensións, polo que conseguir unha atención de calidade lógrase identificando e xeneralizando as boas prácticas que minimizan os eventos adversos e garantindo que estas se implanten e se manteñan.

O sistema vertébrase sobre 14 liñas estratéxicas que xurdiron da análise e da revisión das recomendacións e directrices consensuadas, priorizadas e referendadas por organismos de referencia nacionais e internacionais en seguridade do paciente, como a Organización Mundial da Saúde, o Consello Europeo para a Seguridade do Paciente ou o Institute for Healthcare Improvement de Massachusetts, e en consonancia coa evidencia científica dispoñible.

Entre estas liñas estratéxicas inclúense a seguridade no uso dos medicamentos, a prevención das infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria, a seguridade dos procesos críticos, a comprobación da identidade, a mellora da comunicación para garantir a continuidade asistencial, a xestión dos procesos ou a notificación de erros para a súa análise e aprendizaxe. Cada unha delas ten os seus propios obxectivos, criterios de avaliación e indicadores de seguimento.

Os estándares de partida dos indicadores destas liñas estratéxicas decidíronse por consenso dun importante número de profesionais do Servizo Galego de Saúde con



competencias en calidade, en seguridade e en xestión, e de profesionais asistenciais expertos nas distintas áreas tidas en conta.

A monitorización e a avaliación anual dos indicadores de seguimento permitirá aos centros sanitarios coñecer os seus puntos fortes e as súas debilidades en temas clave de seguridade do paciente, ademais de comparar os seus resultados con outras organizacións similares e consigo mesmos ao longo dos anos. Isto permitiralles identificar as prácticas que levaron aos mellores resultados, e deste modo xerarase unha aprendizaxe que redundará na mellora da seguridade do paciente en todo o Servizo Galego de Saúde.

O Sistema de seguridade enmárcase dentro doutras iniciativas do Sergas que velan pola mellora da seguridade do paciente, como son as auditorías anuais de proxectos de seguridade ou as xornadas de benchmarking, desenvolvidas entre 2010 e 2014 de xeito anual. A iniciativa forma parte do modelo corporativo integrado de calidade do Servizo Galego de Saúde; incorpora indicadores e contidos doutros proxectos relacionados con eventos adversos -como Pneumonía zero, Bacteriemia zero e Resistencia zero, EPINE ou ENVIN-; integra o cuestionario de autoavaliación de boas prácticas de medicación do Instituto para o Uso Seguro dos Medicamentos, promovido polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e nútrese de fontes de datos propias do Sergas.

